

## PRÁCTICAS ABAU: modelo exame

Atendendo aos documentos, conteste (5p):

a) Localice as distintas paisaxes agrarias do mapa adxunto, identificando a lenda. (1p)

b) Comente a fotografía de acordo coas seguintes cuestións:

- Identifique os elementos da paisaxe agraria: medio físico, agrícolas, gandeiros, forestais e poboamento. (1p)

- Análise da estrutura agraria: sistemas de produción, estrutura da propiedade. (1,5p)

- Caracterización da dinámica da paisaxe: funcionamento actual e posible evolución / no futuro. (1,5p)


???

- Problemas sector?

-Complexidade actual do espazo rural?

???

- Solucións?



- Identifique os elementos da paisaxe agraria: **medio físico**, **agrícolas**, **gandeiros**, **forestais** e **poboamento**. (1p).

**Imaxe xeográfica:** representación visual do espazo agrario: **fotografía clásica**, tomada desde o chan, que cobre un amplo espazo visual: **vista panorámica dunha paisaxe xeográfica humanizada**, na que se aprecian algúns trazos do medio natural e as súas transformacións pola intervención humana: **paisaxe rural**, que comprende o espazo xeográfico non urbanizado, resultado da combinación da paisaxe natural e as transformacións derivadas das actividades primarias: agricultura, gandería e explotación forestal.

**Paisaxe agraria da España húmida:**  
Norte e Noroeste peninsular

**Relevo accidentado:**

formacións montañosas de formas arredondadas e poucas superficies chás...

situar na imaxe...

**Clima oceánico:** “*cor verde, abundante vexet...*”

Temp. bastante suaves ao longo do ano, precipit. abundantes...

**Ríos:**

Caudalosos e bastante regulares... **forma do val...**

**Vexetación natural:**

-*bosque caducifolio*: carballos, faias...

-*landa*: xestas, toxos...

-*prados* abundantes



**Poboamento disperso intercalar:**

pequenas agrupacións de casas ou aldeas diseminadas rodeadas de terras de cultivo, prados... poboamento escaso e avellentado...situar na imaxe...

**Os usos do solo son principalmente gandeiros e forestais**, favorecidos polo clima húmido e imp. presenza de pastos e masas forestais, o aproveitamento **agrícola** é menor, nas zonas de menor pendente... **na imaxe...**

**Outros usos do solo...?**

- Análise da estrutura agraria: sistemas de produción, estrutura da propiedade (1,5p).

Tradicionalmente os campesiños eran **proprietarios de explotacións minifundistas**, en parcelas pechadas por sebes e afastadas entre si, o que diminuía a rendibilidade e dificultaba a mecanización (xa complicada polo relevo). Para corrixilo impulsouse a **concentración parcelaria**, pero no Norte peninsular tivo escasos resultados. **Últimas décadas: emigración, abandono, avellentamento...**



► O bosque caducifolio orixinal foi substituído en moitas zonas por piñeiros ou eucaliptos, de crecemento máis rápido. Esta **explotación forestal** dedícase á industria do moble ou á obtención de pasta de papel.

► A **agricultura** ocupa unha **escasa superficie**, é de **secaño** (regularidade das precip.).

- **Tradicionalmente de policultivo** e completada coa **cría de gando**: hortas (col, repolo, cebolas...) e millo, cebada, pataca, árbores froiteiras... Só unha parte destes produtos se vendía no mercado.

- **Na actualidade** a agricultura tende a especializarse en cultivos de **horta e forraxes** (prados, alfalfa, trevo, millo forraxeiro), en consonancia co desenvolvemento gandeiro.

► A **gandería** é a **actividade agraria máis importante** (favorecida polo clima, a demanda urbana de leite e de carne, e a escasa poboación rural, pois require menos man de obra).

- **Tradicionalmente** extensiva en pequenas e medianas explotacións, que tenden á intensificación e a modernizarse.

- **Predomina o gando bovino**. O de aptitude **cárnica**, en réxime extensivo ou semiextensivo, oríentase á produción de becerros; e o de aptitude **leiteira**, en réxime máis intensivo, á produción de leite e dos seus derivados.



- Caracterización da dinámica da paisaxe: **funcionamento actual** e posible **evolución no futuro** (1,5p).

Problemas del espacio rural		Política de ordenación del espacio rural
<b>Demográficos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Disminución y envejecimiento de la población.</li> <li>- Escasa cualificación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fondos para el desarrollo rural (Programa LEADER).</li> <li>- Fondos para la mejora de la formación (FSE).</li> </ul>
<b>Económicos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escasa diversificación económica.</li> <li>- Adaptación a los cambios en la demanda y en la dieta.</li> <li>- Dependencia del mercado y de la industria.</li> <li>- Exigencias de modernización y competitividad de la PAC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Diversificación de la actividad económica (transformación industrial o artesanal de los productos; turismo rural).</li> <li>- Modernización y aumento de la calidad de la producción.</li> <li>- Promoción de cooperativas de compra, venta y transformación de los productos.</li> <li>- Modernización agraria e incremento de la competitividad.</li> </ul>
<b>De equipamiento y calidad de vida</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mala accesibilidad y carencias en infraestructuras, servicios y equipamientos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mejora de la accesibilidad y dotaciones de infraestructuras básicas, servicios y equipamientos.</li> </ul>
<b>Medioambientales</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Degradación del agua por sobreexplotación y contaminación.</li> <li>- Degradación de la vegetación por deforestación.</li> <li>- Degradación del suelo por sobreexplotación y contaminación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Control de las extracciones de agua, uso de sistemas adecuados de riego, reutilización y depuración del agua.</li> <li>- Dedicación de tierras a la silvicultura, extensión de los cultivos.</li> <li>- Agricultura biológica (uso de sistemas naturales, sin productos químicos).</li> </ul>


**Crise do medio rural**

**Posibles solucións**

O espazo rural actual é **complejo**. Mantén o predominio das actividades e paisaxes agrarias, pero tende a converterse nun espazo multifuncional e heteroxéneo. As **consecuencias** da implantación de novos usos (residenciais, industriais, terciarios...) poden ser **positivas** porque logran unha distribución máis equilibrada no espazo da poboación e da actividade económica. Pero tamén poder ser **negativas** **porque** poden dar lugar á degradación ambiental, a competencia entre actividades por certos elementos como a auga ou o solo...

# 1) Comentario e localización dunha paisaxe rural humanizada

- **Escoller** unha das 4 fotografías que figuran na presentación.
- **Guión do comentario:** preguntas do modelo de exame proposto pola CIUG.



<https://www.recursosacademicos.net/practica-15-comentario-del-mapa-de-paisajes-agrarios-de-espana/>

<http://losolmoshistoria4.blogspot.com/2014/01/ejemplo-de-comentario-de-una-paisaje.html>

<http://jadonceld.blogspot.com/2017/02/comentario-de-un-paisaje-rural-o-agrario.html>

<https://es.slideshare.net/rociobautista/ud5-espacios-del-sector-primario>

<http://www.profesorfrancisco.es/2009/11/sector-primario-en-espana.html>

<https://sites.google.com/site/tallereparaciones/tema13>

<http://es.slideshare.net/mariomasero/3-paisajes-agrarios-de-espaa-3018091>

<http://es.slideshare.net/pedrobernal/t5f-paisajes-agrarios>

<http://noespazoenotempo.webnode.es/fotogaleria/cambios-e-permanencias-no-sector-primario/practicos/paisaxes-agrarias/>

[http://www.ign.es/espmap/figuras\\_rural\\_bach.htm](http://www.ign.es/espmap/figuras_rural_bach.htm)



# Fotografía n<sup>a</sup>1:





**Fotografía n<sup>a</sup>2:**





# Fotografía n<sup>a</sup>3:





**Fotografía n<sup>a</sup>4:**





## 2) Comentario do mapa da páxina 183.

a) **Clasifica** o documento e **define** o feito representado.

b) **Enumera de SO a NE** cinco provincias das rexións levantina e surmediterránea.

c) **Comenta** os datos que mostra o mapa: distintas rexións, cales son, de onde a onde se estenden, tipos de pesca...

d) Explica cales son os **problemas** que presentan os caladoiros nacionais. Como poderían **solucionarse**?

e) Os **caladoiros alleos**: cales son, tipos de pesca, problemas que presenta a súa explotación, posibles solucións...

f) Explica as **características** en canto á ocupación e recursos da rexión pesqueira do **Noroeste**.

[http://www.iesgaherrera.com/files/GEOGRAF%C3%8DA%20\(Bac%20hillerato\)/Apuntes\\_alumnos\\_2013\\_2.pdf](http://www.iesgaherrera.com/files/GEOGRAF%C3%8DA%20(Bac%20hillerato)/Apuntes_alumnos_2013_2.pdf)

<https://noespazoenotempo2017.webnode.es/a07-practicos/>

<https://sites.google.com/site/fernandojromerob2/lapesca>

<http://ieslamadraza.com/elena/websociales/2bach/agricultura2b/tema%2014%20la%20pesca.pdf>





